



Ilmo.
CONCELLO
de
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CAMBADOS.

PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Considerando que en data 26 de xaneiro do 2.017 foi aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Cambados a modificación puntual da relación de postos de traballo do Concello de Cambados.

Considerando que en data 8 de febreiro do 2.017 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o anuncio da aprobación inicial da modificación puntual da relación de postos de traballo do Concello de Cambados.

Considerando que a mesma expúxose ao público durante o prazo de 20 días hábiles a efectos de exame e reclamación, as reclamacións presentadas foron as seguintes:

1ª)-Reclamación presentada pola “Central Sindical Independiente y de Funcionarios”, “CSI –F”, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en data 3 de marzo do 2.017, NRE do Concello de Cambados 1.419.

2ª)-Reclamación presentada por dona Gema Pérez Santos no Rexistro Xeral da Sub delegación do Goberno en Pontevedra en data 7 de marzo do 2.017, NRE do Concello de Cambados 1.425.

3ª)-Reclamación presentada por dona Rocío Acha Barral no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en data 7 de marzo do 2.017, NRE do Concello de Cambados 1.429.

4ª)-Reclamación presentada por don Luis Aragunde Aragunde, no nome e representación de Partido Popular de Cambados no Rexistro Xeral do Concello de Cambados en data 8 de marzo do 2.017, NRE do Concello de Cambados 1.370.



Ilmo.
CONCELLO
de
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

Considerando que as reclamacións foron informadas polo asesor redactor técnico da modificación puntual da RPT do Concello de Cambados, don Santos Lorenzo Lorenzo, pertencente á mercantil “ARESTORA CONSULTORES, S.L.”.

Realizada a tramitación legalmente establecida ao efecto, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa, que teña a ben formularlle ao Pleno do Concello de Cambados, proposta de adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º)-Informar desfavorablemente e polo tanto desestimar as alegacións presentadas pola “Central Sindical Independiente y de Funcionarios”, “CSI -F”, por dona Gema Pérez Santos, por dona Rocío Acha Barral, e por don Luis Aragunde Aragunde, no nome e representación de Partido Popular de Cambados, en relación co expediente de aprobación da modificación puntual da relación de postos de traballo do Concello de Cambados, polos motivos expresados no informe de don Santos Lorenzo Lorenzo, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente acordo.

2º)-Aprobar definitivamente a modificación puntual da relación de postos do Concello de Cambados.

3º)-De conformidade co previsto no artigo 202.3 da Lei 2/2.015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, unha vez aprobada definitivamente a modificación puntual da relación de postos do Concello de Cambados, remítase copia da mesma aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado así como da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días. Asemade, procédase a publicar a aprobación definitiva da mencionada modificación puntual da relación de



Ilmo.
CONCELLO
de
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

postos de traballo do Concello de Cambados no Boletín Oficial da
Provincia de Pontevedra.

En Cambados, a 22 de marzo do 2017.



A ALCALDESA,

Asdo. Fátima Abal Roma.



Ilmo.
CONCELLO
de
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)


INFORME JURÍDICO MODIFICACIÓN PUNTUAL DE LA RPT DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBADOS

Don Rafael Riveiro Álvarez, asesor jurídico del Ayuntamiento de Cambados, examinado el expediente administrativo tramitado y en vista del contenido del mismo y en particular el informe emitido por don Santos Lorenzo Lorenzo, en calidad de asesor técnico de la modificación puntual de la relación de puestos de trabajo del Ayuntamiento de Cambados, en fecha 21 de marzo del presente, **ME ADHIERO AL CONTENIDO DEL MISMO EN TODOS SUS EXTREMOS INFORMANDO EN IDÉNTICO SENTIDO.**

E para que así conste emito el presente, a petición de la Alcaldesa del Ayuntamiento de Cambados, doña Fátima Abal Roma, sin perjuicio de cualquier otro mejor fundado en derecho, en Cambados, a veintiuno de marzo de dos mil diecisiete.

EL ASESOR JURÍDICO,

Edo. Rafael Riveiro Álvarez.



O presente informe emítase, por parte do agora asinante, na súa condición de asesor/redactor técnico da última modificación puntual da RPT do Concello de Cambados (habilitado, ao efecto, pola empresa Arestora Consultores S.L., encargada da asistencia técnica deste proceso), e ao obxecto da pertinente e adecuada valoración e, segundo o caso, estimación ou desestimación, por parte do Pleno Municipal, das reclamacións, alegacións e/ou suxestións presentadas ao respecto; e, nomeadamente, en relación ao acordo plenario de aprobación inicial desta modificación puntual da RPT (adoptado con data de 26 de xaneiro 2017) e tralo preceptivo período de información pública (aberto tras anuncio no BOP nº 27, de 8 febreiro de 2017).

Un informe que, en todo caso, se elabora, precisamente, na dita condición de asesoría técnica no dito proceso e, polo tanto, sen carácter vinculante nin menoscabo daqueloutros informes que, de ser o caso, poidan ser confeccionados polos servizos xurídicos e/ou técnicos municipais, ou calquera outro órgano ou entidade, pública ou privada, habilitada e/ou requirida ao efecto.

Así, e aos efectos e nos termos sinalados, achégase o presente **INFORME-PROPOSTA**

21 de marzo 2017

Santos Lorenzo Lorenzo

DNI.- 76723238E



Fdo: **SANTOS LORENZO LORENZO**

Asesor/redactor técnico da modificación puntual da RPT do Concello de Cambados

(Arestora Consultores S.L.)